

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 18 de novembro de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“F.O.D.1. Convenio de colaboración entre o Concello de Carballo, a Fundación Galicia Obra Social e Abanca Corporación Bancaria, S. A. Dación de conta. (CONV. 26/2019)

En data 14 de novembro de 2019 foi asinado o convenio de colaboración entre o concello de Carballo, a Fundación Galicia Obra Social e ABANCA Corporación Bancaria S.A. para la realización da exposición “Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia” na Sala de exposicións 3º andar do Pazo da Cultura de Carballo entre os días 28 de novembro e 31 de decembro de 2019.

En uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e da ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, dáse conta á Xunta de Goberno Local do convenio asinado, cuio clausulado se transcribe:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a realización da exposición “Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia” na Sala de exposicións 3º andar do Pazo da Cultura de Carballo entre os días 28 de novembro e 31 de decembro de 2019.

Asemade, as Entidades manifestan a súa favorable disposición a estudar a posibilidade de colaborar na realización doutras actividades que promove Afundación no marco do seu programa interxeracional denominado “O valor da experiencia”.

SEGUNDA.- Afundación comprométese a emprazar os elementos que integran a exposición na sala de exposicións referida no Estipulación Primeira e a confeccionar as invitacións, carteis e demais elementos de difusión para dar a coñecer a exposición e realizar a súa montaxe e desmontaxe co persoal correspondente.

No caso de realización de visitas guiadas será Afundación quen aporte o persoal.

TERCEIRA.- Para a realización da exposición, o Concello de Carballo, pola súa conta exclusiva, responsabilizarase do correcto estado do inmobile referido na Estipulación Primeira, que está acondicionado como sala de exposicións con equipamento de iluminación e videovixilancia, atendendo e velando pola súa seguridade nas condicións dispostas para o Pazo da Cultura, no que presta servizo un conserxe.

CUARTA.- Pola súa parte, ABANCA comprométese a fomentar a difusión da exposición referida na Estipulación Primeira do presente Convenio.

QUINTA.- O Concello de Carballo, Afundación e ABANCA actuarán de xeito conxunto e coordinado para o cumprimento das súas obrigas e para levar a cabo as actuacións de difusión da exposición, onde tanto os nomes coma os anagramas das mesmas figurarán de forma visible e destacada, ocupando un espazo similar.

SEXTA.- Cada entidade asume todas as responsabilidades que poidan derivarse das obrigas dimanantes das súas relacións xurídicas coas persoas, físicas ou xurídicas, coas que se relacione para o cumprimento das súas obrigas, resultando as outras entidades por completo alleas ás devanditas obrigas. Polo tanto, cada entidade manterá indemne as outras de calquera custo, incluíndo todo tipo de indemnizacións, sancións e gastos, derivado de reclamacións das persoas coas que se relacione.

SÉTIMA.- Os datos de carácter persoal relativos as persoas físicas representantes tanto do Concello de Carballo como de ABANCA recollidos no presente Convenio, así como os demais datos do mesmo carácter relativos as ditas persoas que Afundación obteña como consecuencia do mantemento e/ou cumprimento deste Convenio, serán incorporados aos ficheiros de Afundación para que esta poida efectuar o tratamento, automatizado ou non, dos referidos datos de carácter persoal aos efectos da xestión da relación entre Afundación e o Concello de Carballo e entre aquela e ABANCA, que neste Convenio se establece. Nos termos previstos na lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os afectados poderán

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2019/G007/000024

exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, dirixíndose por escrito a Afundación, entidade responsable dos ficheiros, no seguinte enderezo: COMITÉ LOPD, r/ San Andrés 135-137, piso 2, 15003, A Coruña.

Asemade, os datos de carácter persoal relativos as persoas físicas representantes tanto do Concello de Carballo como de Afundación recollidos no presente Convenio, así como os demais datos do mesmo carácter relativos as ditas persoas que ABANCA obteña como consecuencia do mantemento e/ou cumprimento deste Convenio, serán incorporados aos ficheiros de ABANCA para que esta poida efectuar o tratamento, automatizado ou non, dos referidos datos de carácter persoal aos efectos da xestión da relación entre ABANCA e o Concello de Carballo e entre aquela e Afundación, que neste Convenio se establece. Nos termos previstos na lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os afectados poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, dirixíndose por escrito a ABANCA, entidade responsable dos ficheiros, no seguinte enderezo: Servizo de Atención ao Cliente, Rúa San Andrés, 135-137, Planta Baixa, 15003 - A Coruña.

OITAVA.- *A vixencia do presente Convenio extenderase desde a data da súa sinatura ata o íntegro cumprimento das obrigas asumidas polas Partes consonte a aquel.”*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 21/11/2019 13:47:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 21/11/2019 14:13:00)

Versión imprimible

CVD: 94UPL2Dp/k3FdhWscisz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.